



SESION ORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 8 DE NOVEMBRO DE 2021

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día oito de novembro dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa asistencia do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Fernandes Pires, D. Francisco Antonio García Fornos, D^a Tamara Ballesteros Vidueira e D^a Cristina Clavería Alves do grupo municipal do BNG, D. José Rodríguez Gómez do PSdeG e D. Jesús Río Piornedo do PP; xustifica a súa ausencia por motivos persoais D^a Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno de carácter ordinario en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 16/08/2021.

Por maioría, cos votos a favor dos 6 integrantes do grupo municipal do BNG presentes e a abstención do portavoz do PSdeG e do portavoz do PP foi aprobada a acta correspondente á sesión do 16/08/2021

2º.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL 2022

ANTECEDENTES

Formado o Orzamento Municipal deste Concello correspondente ao exercicio económico 2022, así como as súas Bases de Execución e o anexo de persoal comprensiva de todos os posto de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Vistos os informes de Secretaría-Intervención que figuran na documentación do expediente elaborado co número 434/2021

Visto o dictame favorable da Comisión Informativa de Facenda celebrada o 3 de novembro 2021.

DEBATE E VOTACIÓN

Expón o Sr. Alcalde as liñas fundamentais do orzamento xeral para o exercicio 2022, que ascende en ingresos e gastos a 1.317.775 € sinalando que o concello segue facendo un esforzo na mellora dos servizos municipais como ven de realizarse no 2021 co programa cofinanciado polo IDAE para a renovación de todo o alumeadado público cunha inversión que se aproxima ós 500.000 € ou o edificio multiusos subsanando as súas deficiencias. Indica que o ORZAMENTO 2022 tamén contempla un ambicioso programa de inversión detallada no Anexo de investimentos por importe de 286.620 € e enumera os diferentes proxectos do mesmo. O Sr. Alcalde-Presidente na súa intervención fai referencia tamén á redución da débeda municipal e ó pagamento das facturas dos provedores dentro do prazo dos 30 días manifestando que no 2022 o Concello faralle fronte á amortización de Préstamos a Longo Prazo por importe de 90.831 €, situando a débeda municipal a 31/12/2022 en 390.828 €.

Por último, sinala que nas taxas e impostos municipais non se realiza ningunha suba, mantendo os importes do 2021.

Non habendo intervencións por parte dos portavoces do grupo municipal socialista nin do grupo municipal popular somete á aprobación do Pleno o ORZAMENTO XERAL





2022, adoptando o Pleno da Corporación, por maioría co voto a favor dos 6 integrantes presentes do grupo municipal do BNG, co voto en contra dos portavoces do PSdeG e do PP o seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente o ORZAMENTO XERAL 2022 xunto coas súas Bases de Execución e que presenta o seguinte resumo por capítulos:

ORZAMENTO 2022. Resumo

ESTADO DE INGRESOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.

| CAP | DENOMINACIÓN | PREVISIÓN | % |
|------------|---------------------------|---------------------|---------------|
| 1 | IMPOSTOS DIRECTOS | 177.000,00 | 13,4% |
| 2 | IMPOSTOS INDIRECTOS | 4.000,00 | 0,3% |
| 3 | TAXAS E OUTROS INGRESOS | 158.000,00 | 12,0% |
| 4 | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 703.500,00 | 53,4% |
| 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 7.301,00 | 0,6% |
| 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 252.974,00 | 19,2% |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 15.000,00 | 1,1% |
| | TOTAL | 1.317.775,00 | 100,0% |

ORZAMENTO MUNICIPAL 2022. Resumo

ESTADO DE GASTOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPÍTULOS.

| Cap. | CLASIFICACION ECONOMICA | IMPORTE | % |
|-------------|-------------------------------------|---------------------|----------------|
| 1 | GASTOS DE PERSOAL | 509.084,00 | 38,63% |
| 2 | GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS | 395.937,00 | 30,05% |
| 3 | GASTOS FINANCEIROS | 10.300,00 | 0,78% |
| 4 | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 10.000,00 | 0,76% |
| 5 | FONDO DE CONTINXENCIA ORZAMENTARIA | 0,00 | 0,00% |
| 6 | INVERSIÓNS REAIS | 286.620,00 | 21,75% |
| 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 0,00 | 0,00% |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 0,00 | 0,00% |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 105.834,00 | 8,03% |
| | TOTAL | 1.317.775,00 | 100,00% |

Segundo.- Aprobar inicialmente o Anexo de persoal que figura na documentación do expediente comprensivo dos postos de traballo e retribucións para o 2022.

Terceiro.- Expor ao público o Orzamento Municipal, as Bases de Execución e o anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Cuarto.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.





Quinto.- Remitir copia á Xunta de Galicia e a Administración do Estado.

3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DO PEREIRO

Expón o Alcalde -Presidente a tramitación efectuada e a elaboración da nova documentación para cumprir os requisitos establecidos polo Servizo de Urbanismo do 09/08/2021.

Vista a nova documentación elaborada polo arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo, visto o dictame da Comisión Informativa do 03/11/2021, sometido o asunto a votación polo Alcalde-Presidente o Pleno da Corporación, por unanimidade e quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o PROXECTO DE DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL DO PEREIRO, segundo o novo documento técnico de PROXECTO REFUNDIDO, asinado polo arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo que recolle as correccións e requirimentos efectuados polo Servizo de Urbanismo do 09/08/2021.

SEGUNDO.- Continuar a súa tramitación ó abeiro do disposto no punto 2 da Disposición Transitoria Segunda da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia a teor das Normas procedimentais dispostas na Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), adaptando plenamente as súas determinacións á Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

TERCEIRO.- Elevar o expediente unha vez dilixenciado á D.X. do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno pola Presidencia e non téndose presentado por escrito nin rogos nin preguntas ó abeiro do disposto no artigo 97-6 e 97-7 do RD 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Alcalde concédelle a palabra ó voceiro do grupo municipal socialista que pregunta pola situación dos mananciais que surten á Mezquita no abastecemento de auga e suxire a posibilidade de captar dous mananciais para non ter que usar os pozos de barrena.

Por parte do Sr. Alcalde indícase que A Mezquita non ten tido problemas de abateamento, que os pozos de barrena funcionan fundamentalmente no verán e que se hai algún programa para realizar novas traídas dende os mananciais podería estudarse.

Concedida a palabra neste turno de rogos e preguntas ó voceiro do PP indica que a Corporación Municipal leva 363 días sen plenos ordinarios e interésase polos efectivos e recursos do servizo de limpeza viaria, dá conta dunha avaría na Vilavella nun sumidoiro solicitando o seu arranxo e pregunta polas previsións para potenciar a feira da Mezquita, e solicita o expediente de gastos da feira do Artesanato 2020 e 2021.

Por último roga que se fagan as previsións para dispensar sal na vía pública e evitar problemas coma os ocorridos en Chaguazoso e pide que se coloque a bandeira europea na fachada do Concello e que a bandeira LGTBI sexa colocada nos taboleiros e non na fachada.

Por último solicita aclaracións sobre o funcionamento do control de entrada á piscina municipal e do bar do recinto.

Por parte do Sr. Alcalde contestouse oralmente na sesión a estas preguntas e suxerencias e manifestou que tomaba nota das mesmas.





Concello de
A MEZQUITA

Avda. da Constitución, 7 - 32549 - **A MEZQUITA** (OURENSE)

Tel. 988425541 - Fax. 988425630



www.amezquita.gal



concello@amezquita.gal

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as dezanove horas e cincuenta e cinco minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Cod. Validación: 9E5HPP-JH24M6WC2A6PRHGT54 | Corrección: <https://amezquita.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4